

## **Colección: Fondo: Xosé María Álvarez Blázquez no seu arquivo persoal**

**Ficha documental da epistola de Ricardo Carballo Calero, a Xosé María Álvarez Blázquez  
do 28/11/1961**

**Colección:**

**Data:** 28/11/1961

**De:**

Ricardo Carballo Calero;

**Para:**

Xosé María Álvarez Blázquez;

**Orix:**

Rúa da Aviación Española, 37 (de enderezo), Lugo (municipal), Lugo (comarcal)

**Destino:**

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita]

**Localización física:**Arquivo persoal de X. M. Á. B.

**Temáticas:**

Epistolario de Ricardo Carballo Calero;

**Mencionados:**

Francisco Fernández del Riego;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Ricardo Carballo Calero, a Xosé María Álvarez Blázquez do 28/11/1961**

Colegio Fingoy, Lugo, 28-XI-61

Sr. Don Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez  
Vigo

Meu querido amigo: ¿Cómo non ía firmar a proposta do teu ingreso na Academia? Del Riego i eu quixemos xa te propor na anterior vacante. Non puideron asistir á unha reunión de amigos na que se acordou que se precedese Fole. Falo de anterior vacante, pero agora decateime de que se trata da penúltima. Pra a anterior pactouse cos da Coruña que presentaran a Meijide sobre a base de que apoiarían a túa candidatura para a próxima. Fun sempre, pois, entusiasta partidario de túa inmediata academización. Ti fixeches e fas unha grande labor, e serás académico de primeira. Se falas de formación truncada, íse e tamén o meu caso. Os dous somos cabaleiros mutilados pero non estamos entereamente inútiles para o servizo.

Nas miñas notas non figura expresamente a data dos números do “Heraldo” ns que se publicou o “Rechamo”; pero combinando dados, chego á concreción de que a publicación debéu comezar en novembro ou decembro de 1874.

Quixera que me mandaras unha breve nota descriptiva da “Resposta ao Rechamo”, pois nunca vin tal texto, e quixen mencionalo na Historia. Supoño que está en galego. Inserta algún pequeno anaco, indícame a métrica empregada e resúmeme o contido. De paso fai o favor de me indicar as páxinas de Orensanos ilustres que D. F. Alonso adica a Nóvoa.

Interesaríame certos números do Bol. da Academia Galega. Agoa estou pendente da resposta de Naya sobre os que a Academia me pode facilitar. Cando a teña escribiréche sobre o asunto.

Como non dubido da túa elección, envíoches a miña felicitación máis sincera.

Apertas

R. Carballo.

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.